

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 24/01/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA ACCTAL

ROSA MARIA OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 24/01/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 17 de xaneiro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/0075

Dáse conta do informe do Encargado da Xestión do Padrón Municipal e Habitantes para aprobar a alta de rúa no lugar de Amproa-Nogueirido, correspondente á rúa Mazadoira, afectando á numeración unicamente ás vivendas cos números 10, 12 e 12A. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se realicen os cambios de renumeración da citada rúa e que se leve a cabo a colocación das placas.

PRP2022/0113

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía para a execución da actuación denominada "Reforma de Local na rúa Castela 7 para Biblioteca Municipal", no marco do Programa Provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-covid-19. Programa Reacpon (Reacciona Pontevedra Provincia). A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0114

Dáse conta da sinatura do convenio interadministrativo entre o Concello de Vilagarcía e a Deputación de Pontevedra para a adhesión da oficina de turismo de Vilagarcía de Arousa á rede de oficinas de Turismo "Info Rías Baixas". A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0120

Dáse conta do convenio entre o Concello de Vilagarcía e a Consellería de Sanidade para a cesión das instalacións sitas na Avda. de Matosinhos propiedade do Concello, co fin de seguir utilizando un local no devandito Centro para o Servizo de Inspección de Saude Pública da Comarca de Vilagarcía de Arousa. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Consellería de Sanidade que o término medio de gastos mensual, por consumo de electricidade e gas das instalacións ascenden a 150,00€ e 250,00€ respectivamente, polo que, éstas deberían ser as cantidades a aboar ao Concello mensualmente.

PRP2022/0153

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera para reparación do vehículo matrícula 5479-GJC, por un importe total de 858,86 (IVE incluído), con cargo á partida 454-214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

PRP2022/0150

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicios Puentes Liñares, S.L. para o subministro de gasóleo de calefacción para o Colexio Vagalume, por un importe total de 1.098,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103. (1.200 l. a 0,915 €/l)

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0149

Dáse conta do escrito presentado por Maria de la O Fernández González solicitando copia das alegacións que se presentaron polo Concello ao proxecto de ampliación do Parque Eólico que promove Engasa Xiabre. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir á Sr. Fernandez González as citadas alegacións.

RECURSOS HUMANOS**PRP2022/0072**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de decembro de 2021, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €

PRP2022/0073

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de decembro de 2021, por un importe total de 2.470,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	4	x 130,00 €	520,00
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	4	x 130,00 €	520,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	4	x 130,00 €	520,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	3	x 130,00 €	390,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	4	x 130,00 €	520,00
TOTAL			2.470,00

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/0104

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de xaneiro de 2022, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigaación a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 30.666,95 € con cargo á partida 323.48007.

EMPREGO

PRP2022/0116

Vista a proposta do Director do Obradoiro Dual de Emprego OE FORME 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Grupo Electro Stocks SLU (Kilowatio Arousa) para o subministro de ferramentas e material de formación para o alumnado do Módulo de Mantemento de Redes Eléctricas Domóticas e Inmóticas do Obradoiro, por un importe total de 1.582,72€ (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0241

Dáse conta da circular aclaratoria recibida da Deputación Provincial relativa á convocatoria, publicada no BOP de 27 de novembro de 2021, das bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2022-2023.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar:

- Aprobar a modificación da solicitude, para a contratación laboral a tempo completo de 36 traballadores/as desempregados/as dende o 15 de marzo ao 14 de setembro de 2022 (6 meses a tempo completo), solicitude de contratación dos seguintes traballadores/as:

Dende o 15 de marzo ao 14 de setembro (36 traballadores/as):

- 14 Peóns Axudantes Albaneis tempo completo 6 meses para conservación , rehabilitación e acondicionamento de infraestructuras municipais
- 5 Peóns Pintores/as e/ou empapeladores/as tempo completo 6 meses para pintura e sinalización viária
- 2 Empregados/as Auxiliares Administrativos en xeral tempo completo 6 meses para as áreas de Servizos Sociais e Departamento de Intervención.
- 4 Peóns Instaladores electricistas tempo completo 6 meses para eficiencia enerxética
- 10 Peóns Traballadores/as de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos tempo completo 6 meses, para limpeza e mellora parques, xardíns e zonas naturais.
- 1 Peón Axudante mantenedor de instalación deportivas tempo completo 6 meses para control e mantemento de instalacións de deportes na Fundación Municipal de Deportes.

- Aprobar a memoria descritiva onde se determina o número de persoas desempregadas que sa van a contratar e a súa categoría profesional.

- Comprometerse a incluír no orzamento do exercicio 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/0052

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL para o servizo de mantemento de equipamento informático para o Conservatorio Profesional de Música, durante o ano 2022, (10 intervencións de mantemento), por un importe total de 530,00 € (IVE incluído) (53 €/intervención), con cargo á partida 3261.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0053

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Cristina Durán Recuna para os servizos de planificación, xestión e mantemento mensual das redes sociais e páxina web do Festival Internacional de Música ClasClas para o ano 2022, por un importe total de 3.049,20€ (IVE incluído), desagregado en 9 mensualidades de 338,80 € correspondentes aos meses de xaneiro-xullo e novembro-décembro 2022, con cargo á partida 3261.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MERCADOS

PRP2022/0117

Dáse conta da solicitude de Dona Hermosinda Fontan Fraga, de cambio de titularidade do posto nº 67-68 Zona detrás Praza, do mercadillo de Vilagarcía de Arousa, ao seu nome, por falecemento da súa nai Victoria Fraga Avilleira.

Visto o informe do Xefe de Mercados e de conformidade co disposto no Artº 19 do Regulamento de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, debendo estar en posesión de toda a documentación que lle acredite para exercer a venda na Praza de Abastos.

PRP2022/0118

Vista a solicitude de Don Jesús Manuel Iglesias Canto de baixa do posto nº 81, zona Peixería, da praza de abastos de Vilagarcía de Arousa así como no Padrón de Mercados, e visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, con efectos de 31 de decembro de 2021, téndose extinguida dende a mesma data a titularidade do devandito posto.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2022/0076

Dáse conta do fallo do Xurado do III Concurso de Decoración sostible do Nadal 21/22, co seguinte resultado:

- Primeiro Premio, cun total de 8,83 puntos, Mateo y Chloé Ferreiro García
- Segundo Premio, cun total de 8,16 puntos: Martín Costa Calvo
- Terceiro Premio, cun total de 7 puntos: Jimena Oubiña Ferreiro

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar o fallo do Xurado.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/0141

Dáse conta da publicación no DOG do día 14 de decembro de 2021 por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dunha Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K).

O artigo 1.2 da mencionada Orde establece que esta orde reguladora da convocatoria de subvencións inclúe dúas liñas subvencionables:

a) Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ ou dixestión anaerobia).

b) Liña 2. Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ).

O artigo 2.1 a) establece que poderán resultar beneficiarias da Liña 1 subvencións as entidades locais municipais “que se atopan dentro da área de influencia (<50 quilómetros) dalgunhas das plantas autorizadas actualmente en Galicia para o tratamento de biorresiduos de competencia municipal e/ou das plantas de compostaxe/transferencia previstas no Plan loxístico de infraestruturas de Sogama.” ou entidades “que recibiron axudas ou colaboración económico-financeira previamente para a implantación da recollida separada de biorresiduos, pero aínda teñen pendente a extensión deste servizo a toda a súa poboación e poden completar as axudas para ditas implantacións.”

O artigo 2.1 b) establece que poderán resultar beneficiarias da Liña 2 subvencións as entidades locais municipais “que recibiron axudas ou colaboración económico-financeira previamente para a implantación da compostaxe doméstica e/ou comunitaria, pero aínda teñen pendente a extensión deste servizo a toda a súa poboación e poden completar as axudas para ditas implantacións”, ou entidades nas que “é necesario complementar a implantación da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico, coa compostaxe in situ, naqueles ámbitos espaciais de actuación onde non se poida levar a cabo a primeira modalidade de recollida citada. De forma que neses ámbitos espaciais concretos a totalidade dos biorresiduos xerados teñen que ser xestionados mediante compostaxe doméstica, compostaxe comunitaria, ou ambas.”

De acordo co disposto no artigo 3.1. da Orde, as actuacións subvencionables para cada liña de axudas serán:

a) Liña 1: caldeiros, contedores, bolsas compostables, sistemas TIC e de control de acceso, camións de recollida de residuo, biotrituradoras e campañas de información e sensibilización.

b) Liña 2: caldeiros, composteiros domésticos e accesorios, composteiros comunitarios, construción de áreas de compostaxe, biotrituradoras, carteis explicativos e actuacións de formación e difusión.

No artigo 4.2 b) indícase que o IVE non será subvencionable.

O artigo 5.3 sinala que “o financiamento máximo outorgado para as actuacións reguladas nesta orde de axudas non excederá o 90 % do custo total do proxecto. A porcentaxe restante será asumida polo beneficiario/a e será compatible co financiamento que os beneficiarios poidan recibir doutras administracións, sempre e cando non supere o custo total do proxecto que se vaia financiar. O financiamento achegado non é compatible cos Proxectos clima, promovidos a través do Fondo de Carbono para unha Economía Sustentable (FES-CO2).”

Ademais, neste punto, sinálase a axuda económica que se concederá a cada entidade local de forma individual, a cal poderá acadar un límite máximo por concello segundo o indicado a continuación para cada liña subvencionable:

a) Liña 1:

3º. Concellos ata 60.000 habitantes: 2 €/habitante + 30.000 € (dotación complementaria para o financiamento da adquisición dun camiión non compactador destinado á recollida de biorresiduos

a grandes xeradores).

E menciónase que “no caso das entidades locais que percibiron axudas previas para este tipo de recollida separada, pero que aínda poden complementala, detraeráselle do importe da axuda máxima prevista o importe da subvención adxudicada en convocatorias previas”

b) Liña 2:

3º. Concellos ata 60.000 habitantes: 2 €/habitante.

E menciónase que “no caso das entidades locais que percibiron axudas previas para este tipo de proxectos de compostaxe in situ, pero que aínda poden complementala, detraeráselle do importe da axuda máxima prevista o importe da subvención adxudicada en convocatorias previas.”

Segundo o Anexo VII ao Concello de Vilagarcía de Arousa correspóndenlle o seguinte importe máximo de subvención para cada liña:

a) Liña 1: 5130 €

b) Liña 2: 74252 €

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, debendo aceptarse as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria:

Liña 1: Adquisición de materiais para a ampliación do proxecto de recollida separada de biorresiduos (caldeiros e bolsas compostables) e realización de campaña de información e sensibilización, cun custo aproximado de 13.500 € (sen IVE).

Liña 2: Adquisición de materiais para a ampliación do proxecto de compostaxe in situ de biorresiduos (composteiros domésticos e comunitarios, biotrituradoras e paneis explicativos) e realización de campaña de información e sensibilización, cun custe aproximado de 84.190 € (sen IVE).

O cofinanciamento por parte do concello ascende a aproximadamente 38.987,7 euros con IVE de acordo coa seguinte desagregación na anualidade 2022 e 2023:

COFINANCIAMENTO DO CONCELLO	ANUALIDADE 2022 (Liña 1)		ANUALIDADE 2023 (Liña 2)	
	COFINANCIAMENTO	IVE	COFINANCIAMENTO	IVE
	8.370€	2.835€	10102,8€	17679,9€
TOTAL ANUALIDADE	11.205€		27.782,7€	
TOTAL	38.987,7€			

PRP2022/0144

Dáse conta da publicación no DOG do día 14 de decembro de 2021 por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Orde do 1 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2022, con código de procedemento MT975J.

O artigo 1.2 indica que son subvencionables a liña 1 de aceites de cociña usado, a liña 2 de residuos téxtiles e a liña 3 para implantación de puntos limpos móbiles. Presentamos unha proposta para a liña 1 (proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado) e outra para a liña 3 (favorecer a prevención, a recollida separada e a adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais a través da adquisición de puntos limpos móbiles).

De acordo co artigo 3.1.a) da Orde poderán ser obxecto de subvencións na liña 1 a adquisición de funís adaptables, bidóns e actuacións de difusión, sensibilización e seguimento. E no artigo 3.1.c) da Orde indican o que pode ser subvencionable para a liña 3: Adquisición de puntos limpos móbiles (contedor de gran volume, remolque e contedor, camión con caixa e chasis, furgoneta adaptada ou outros modelos do mercado), equipamentos ou elementos complementarios como ganchos ou guindastres, básculas, ferramentas informáticas, elementos de información e sinalización até 1000euros e formación do persoal.

No artigo 5.3 indica en 90% do custo total a porcentaxe subvencionable para cada unha das liñas e especifica que para a liña 1 o importe máximo da subvención acadada non poderá superar

os 15.000euros e para a liña 3 o importe máximo da subvención é de 70.000euros.

O artigo 2 desta Orde establece as obrigas dos beneficiarios, o artigo 3.2 indica os requisitos dos proxectos, o artigo 4 dispón que o IVE non será subvencionable, entre outros e o artigo 14 desta Orde establece os criterios de valoración.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para a mellora da recollida separada de aceite de cociña usado (Liña 1) e a prevención, recollida separada e adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais através da adquisición de puntos limpos móbiles (Liña 3), cun gasto previsto de 7840,00 euros sen IVE (9.486,40 con IVE) para a liña 1 de aceites e de 46.800,00 euros (56.628,00 con IVE) para a liña 3 dos puntos limpos móbiles, neste ano 2022.

A aportación municipal do 10% do gasto e o IVE non é subvencionable, ascende ao importe de 2.430,40 para a liña 1 e 14.508 euros para a liña 3, supoñendo unha cantidade total de 16.938,40 euros a achegar polo concello por ambos, con cargo á partida 170.62300.

CULTURA

PRP2022/0101

Vista a solicitude de D. Lluís Rovira Yagüez, en representación de Transeduca Acció Educativa SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 17 de xaneiro de 2022, de 8:00 a 14:00 horas, para a representación dunha obra de teatro en frances titulada "UNE AMITIÉ INTOUCHABLE", para centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria, cun prezo de entrada único de 6,20 € para cada un/ha dos/as alumnos/as, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 264,70 €
- Responsable de sala: 61,20 €
- Operarios (2): 61,20 €
- TOTAL: 387,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/0102

Vista a solicitude de D. Enrique Bernardo García Chillón, en representación de Grupo Profand SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 do Auditorio Municipal, os días 17, 20 e 25 de xaneiro; 2, 3, 9, 14, 15 e 28 de febreiro; e 4 de marzo, en horario de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 19:00 horas, para a realización dun curso de formación teórico-práctica de "Xestión de Equipos", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Seminario 1: 10 días x 6 horas: 60 horas, a 10,20 € = 612,00 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/0103

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado BATA Servicios Integrales a la Comunidad, S.L., para reparto de material publicitario das actividades de carácter cultural durante o ano 2022, por importe de 2.584,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0105

Vista a solicitude de Dona Alejandra Fuentes Rodríguez, en representación de Comunidade de Propietarios Alejandro Cerecedo nº 8, Portal 2, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os días 17 e 24 de febreiro de 2022, en horario de 19:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha reunión da comunidade, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, así como do control do aforo da sala autorizada.

PRP2022/0106

Vista a solicitude de Dona Cristina Rodríguez Zambrana, en representación de FERRO TEATRO SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 14 de marzo de 2022, de 8:00 a 14:00 horas, para a representación dun espectáculo para centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria, cun prezo de entrada único de 8,00 € para cada un/ha dos/as alumnos/as, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Será responsabilidade do solicitante o control de aforo da sala autorizada.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 264,70 €

- Responsable de sala: 61,20 €

- Operarios (2): 61,20 €

- TOTAL: 387,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/0108

Vista a solicitude de Dona Carmen Abeledo Márquez, en representación de Asociación Española Contra el Cancer, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 18 de febreiro de 2022, para a celebración dunha Gala Benéfica, cun prezo de entrada de 5 €, sendo a recadación para a entidade solicitante e debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2022/0089

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto técnico denominado "Urbanización da rúa Ameixeiras", redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, por importe (IVE engadido) de 72.442,87 €.

PRP2022/0147

Dáse conta do expediente de contratación CT 42/2021-e BIS, denominado "ELABORACIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA", incluído na estratexia de desenvolvemento urbano sostible integrado (EDUSI) "VILAGARCÍA AVANZA", cun orzamento de licitación de 70.000,00 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

- ALFONSO BOTANA SL
- COLIN BUCHANAN CONSULTORES SA
- CONSULTORA ALOMON SL
- EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA SL
- GRUPO DE ESTUDIOS Y ALTERNATIVAS 21 SL
- ICEACSA CONSULTORES SLU
- IPLAN MOVILIDAD SL
- PROYESTEGAL SL
- SERYE INTEGIEROS SL
- UTE MCRIT_TERRAVANZA

A mesa de contratación acorda non admitir a xustificación da oferta anormal ou desproporcionada presentada polo licitador IPLAN MOVILIDAD SL e, consecuentemente, propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento da mesma e a exclusión de dita oferta da clasificación.

Unha vez proposta a exclusión do licitador IPLAN MOVILIDAD SL e aplicados os criterios de adxudicación e valoración fixados nos pregos que rexen a licitación, o resultado da valoración das ofertas dos licitadores é o seguinte:

	OFERTA ECONÓMICA					
LICITADOR	Oferta IVE excluído	Proposta técnica	Puntos económica oferta	Mellora infografías	Mellora asistencia técnica	Total puntos
ALFONSO BOTANA S.L.	41.500,00 €	22,96	21,80	12,00	16,00	72,76

COLIN BUCHANAN CONSULTORES, S.A.	42.900,00 €	22,96	19,94	12,00	16,00	70,90
CONSULTORA ALOMON, S.L.	45.702,48 €	36,28	16,20	12,00	16,00	80,48
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	45.123,97 €	4,59	16,97	12,00	16,00	49,56
GRUPO DE ESTUDIOS Y ALTERNATIVAS 21, S.L.	43.099,17 €	45	19,67	12,00	16,00	92,67
ICEACSA CONSULTORES SLU	40.495,87 €	9,18	23,14	12,00	16,00	60,32
IPLAN MOVILIDAD, S.L.	37.603,31 €	42,24	27,00	12,00	16,00	97,24 excluido
PROYESTEGAL S.L	50.950,00 €	19,74	9,20	12,00	16,00	56,94
SERYE INGENIEROS, S.L.	42.659,50 €	30,77	20,26	12,00	16,00	79,03
UTE MCRIT_TERRAVANZA	40.785,12 €	19,29	22,76	12,00	16,00	70,05

De conformidade á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, as puntuacións obtidas son as seguintes, Ordeadas de maneira decrecente:

Orde: 1NIF: B27789767 IPLAN MOVILIDAD, S.L. Proposto para exclusión

Total criterios CJV: 42.24

Total criterios CAF: 55

Total puntuación: 97.24

Orde: 2 NIF: B81266520 GRUPO DE ESTUDIOS Y ALTERNATIVAS 21, S.L. Proposto para adjudicación

Total criterios CJV: 45

Total criterios CAF: 47.67

Total puntuación: 92.67

Orde: 3NIF: B91424325 Consultora Alomon, S.L.

Total criterios CJV: 36.28

Total criterios CAF: 44.2

Total puntuación: 80.48

Orde: 4NIF: B70543012 SERYE INGENIEROS, S.L.

Total criterios CJV: 30.77

Total criterios CAF: 48.26

Total puntuación: 79.03

Orde: 5NIF: B70531595 ALFONSO BOTANA S.L.

Total criterios CJV: 22.96

Total criterios CAF: 49.8

Total puntuación: 72.76

Orde: 6NIF: A85269496 Colin Buchanan Consultores, S.A.

Total criterios CJV: 22.96

Total criterios CAF: 47.94

Total puntuación: 70.90

Orde: 7NIF: 271379 UTE MCRIT_TERRAVANZA

Total criterios CJV: 19.29

Total criterios CAF: 50.76

Total puntuación: 70.05

Orde: 8NIF: b15080849 ICEACSA CONSULTORES SLU

Total criterios CJV: 9.18

Total criterios CAF: 51.14

Total puntuación: 60.32

Orde: 9NIF: B27159730 PROYESTEGAL S.L

Total criterios CJV: 19.74

Total criterios CAF: 37.2

Total puntuación: 56.94

Orde: 10NIF: B85097962 Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L.

Total criterios CJV: 4.59

Total criterios CAF: 44.97

Total puntuación: 49.56

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º A inadmisión da xustificación da oferta anormal ou desproporcionada presentada polo licitador IPLAN MOVILIDAD, S.L., e, consecuentemente, a exclusión de dita oferta da clasificación.

2º.- A adxudicación do contrato de servizos denominado " CT 42/2021-bis - Elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Vilagarcía de Arousa", cun orzamento de licitación de 70.000,00 € (IVE incluído) á seguinte empresa con maior puntuación de acordo coa orde na que quedaron clasificadas as ofertas: NIF: B81266520 GRUPO DE ESTUDOS E ALTERNATIVAS 21, S.L., de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á partida 134.6290017 (PROY. 2018-2-DUSI-3-3):

Prezo ofertado: 43.099,17 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 9.050,83€, o que totaliza un prezo de adxudicación IVE incluído de 52.150,00€, sendo as melloras ofertadas as seguintes:

- Mellora consistente en ofertar a creación de 10 modelos en infografías con exemplos de transformación de espazos públicos en puntos específicos do municipio.
- Mellora consistente na oferta de 120 horas de asistencia técnica presencial en dependencias municipais relacionada co obxecto do contrato e con posterioridade á entrega dos traballos obxecto do mesmo durante os primeiros 24 meses.

PRP2022/0151

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Xestión dos Fondos Europeos (FEDER), a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto técnico, redactado polo arquitecto municipal, denominado "Mellora de accesibilidade, 2ª fase 2020" nas Rúas Doutor Tourón, Marxión e Urbanización O Piñeiriño, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 150.000,00€.

2.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das bases bases reguladoras e a convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 o financiamento do proxecto "Mellora de accesibilidade, 2ª fase 2020" no 100%.

PRP2022/0152

Dáse conta da solicitude de D Javier Mondragón Romero de transmisión a favor de D. Antonio Pérez Carballo do título habilitante para a prestación do servizo de taxi nº 21.

Visto o informe favorable emitido polo Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a transmisión solicitada.

PRP2022/0154

Vista a proposta da Alcaldía na que se indica que as actividades para realizar dentro do proxecto A. N. C.A. S gardan estreita relación coa operación VLG_A03_ MOVOSOS POTENCIACIÓN E MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DE VILAGARCÍA, incluída dentro da estratexia EDUSI "Vilagarcía Avanza".

A Xunta de Goberno Local acorda Aprobar o convenio con Stop accidentes Galicia (CIF G-62484480) para a posta en marcha do proxecto A. N. C.A. S (Acción de Nenos/ as Camiñando por un Ambiente Seguro e Sostible), para a promoción e divulgación do camiño escolar seguro no municipio de Vilagarcía de Arousa, por un importe de 5.953,60 € (IVE incluído, conforme ao indicado no seu orzamento), con cargo á partida 926.2269917. (Proxecto 2018-3-DUSI-7)

PRP2022/0155

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos, a

Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto técnico, redactado polo arquitecto municipal, denominado “Construcción dun novo Skatepark en Vilagarcía”, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 309.426,03€.

2.- Solicitar á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das bases bases reguladoras e a convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 o cofinanciamento do proxecto “Construcción dun novo Skatepark en Vilagarcía”, por importe de 109.426,03€.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2022/0111

Visto o expediente de gasto INT/2022/008 integrado pola relación de xustificantes F/2022/1 por importe de 10.229,45€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/1 por importe de 10.229,45€, coa seguinte desagregación:

Nº Rexistro Factura	Documento	Fecha Doc.	Importe	Aplicación	Nome Ter.	Texto Libre
F/2022/12	OU22 24	03/01/2022	5.214,00	338 22199	DISTRIBUCIONES CARBALLO, S.L.	E. BLANDO FRUTAS 2kg.=310u.(aprox.) DUPONT (DP 05) (PALET (desde Julio 2016): 56 CAJAS x 6 BOLSAS)
F/2022/32	2 21955	21/12/2021	2.400,64	338 22199	CARAMELOS OGANDO, S.L.	PICTOLIN CRISTAL B/1Kg. INTERVAN (PICTOLIN CRISTAL B/1Kg. INTERVAN)
F/2022/445	14/21	30/12/2021	1.041,81	2312 22604	PEREZ PADRON, Mª PURIFICACION	HONORARIOS DOS SERVIZOS PRESTADOS POLA LETRADA NA ÁREA DE IGUALDADE DO CONCELLO NO MES DE DECEMBRO DE 2021. (IGUALDADE)
F/2022/446	2022/01	05/01/2022	1.573,00	150 22706	ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR	HONORARIOS PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA DE ENXEÑERÍA, MES DE DECEMBRO. (URBANISMO).
		TOTAL	10.229,45			

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.